

Referencia da Praza:	<u>LA2408-X05-205-PI-NA-01</u>
Tipo de Praza:	<u>Profesor/a substituto/a</u>
Área de Coñecemento:	<u>205 – Didáctica das Ciencias Experimentais</u>
Departamento:	<u>X05 – Didácticas Especiais</u>
Sede actuación da comisión:	<u>Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte- Pontevedra</u>

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

No Despacho virtual 1987 do Campus Remoto da Universidade de Vigo o día 13 de xuño de 2025 constitúese a comisión arriba indicada coa asistencia de:

Presidente/a: Uxío Pérez Rodríguez

Secretario/a: María Mercedes Varela Losada

Vogal: María Asunción Lorenzo Rial

Como membro con voz e sen voto, designado/a pola representación das e dos traballadores:

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Reunida a comisión correspondente, constituída polas persoas que se relacionan na Acta de Constitución acordouse por unanimidade establecer os seguintes criterios de valoración, que complementarán o baremo (Anexo I) á hora de valorar e puntuar os méritos (en número máximo de 10) que presenten as persoas candidatas segundo o recollido no Anexo V:

Titulación(s) básica(s): Licenciaturas e Graos en Bioloxía, Xeoloxía, Física, Química, Ciencias do Mar, Ciencias Ambientais, Educación Infantil, Educación Primaria

Titulación(s) afín(s): Ningunha

Área(s) Afín(s): Ningunha

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 %.

a) Expediente académico na Diplomatura/Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas. Entenderase incluída aquí a titulación universitaria requirida para optar á praza.
Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

b) Premio Extraordinario de Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: 0,5 puntos

c) Expediente académico no Mestrado: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas

Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

Só se valorarán méritos que se correspondan coa área de coñecemento da praza a concurso. O Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino en Idiomas. Formación e Orientación Laboral valórase neste apartado no caso de ter cursado itinerario de Bioloxía, Xeoloxía, Física / Química; no caso doutros itinerarios valórase como Formación pedagóxica regulamentada no apartado 2c.

- d) Premio Extraordinario de Mestrado: 0,5 puntos
Só se valorarán méritos que se correspondan coa área de coñecemento da praza a concurso
- e) Tese de Doutoramento
Sobresaliente “cum laude”(ou Apto “cum laude”) (4), Sobresaliente (3), Notable (ou Apto) (2), Aprobado. (1)
Só se valorarán méritos que se correspondan coa área de coñecemento da praza a concurso
- f) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5 puntos
Só se valorarán méritos que se correspondan coa área de coñecemento da praza a concurso
- g) Outros cursos de especialización: máx. 1 punto
Só se valorarán méritos que se correspondan coa área de coñecemento da praza a concurso. A persoa candidata elixirá o curso de maior relevancia.
- h) Outros méritos académicos: máx. 1 punto
Só se valorarán méritos que se correspondan coa área de coñecemento da praza a concurso, coa excepción do coñecemento da Lingua Galega que se valorará neste apartado. A persoa candidata elixirá o mérito de maior relevancia.
Coñecemento da Lingua Galega:
- Nivel C1 / CELGA 4: 0.3 puntos.
- Nivel B2 / CELGA 3: 0.15 puntos.
Outros méritos académicos correspondentes á área de coñecemento da praza a concurso: ata 1 punto segundo relevancia.

2. EXPERIENCIA DOCENTE

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 %.

Nos casos de docencia inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

- a) Docencia universitaria:
- I. 1 punto por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.
 - II. 0,5 punto por cada ano en réxime de dedicación a tempo parcial.
- Só se valorarán méritos que se correspondan coa área de coñecemento da praza a concurso.

b) Docencia non universitaria:

I. 0,250 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).

II. 0,125 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo parcial (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).

Só se valorarán méritos que se correspondan coa área de coñecemento da praza a concurso.

c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.

Curso de Aptitude Pedagóxica / Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino en Idiomas, Formación e Orientación Laboral (excepto no caso de ter cursado itinerario de Bioloxía, Xeoloxía, Física / Química, que se valora no apartado 1c): 1 punto.

d) Cursos de formación docente recibidos: 0,2 puntos por cada 100 h de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto

Só se valorarán méritos que se correspondan coa área de coñecemento da praza a concurso. A persoa candidata elixirá o curso de maior relevancia.

e) Cursos de formación docente impartidos: 0,2 puntos por cada 20 h de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto

Só se valorarán méritos que se correspondan coa área de coñecemento da praza a concurso. A persoa candidata elixirá o curso de maior relevancia.

f) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos ata o máximo de 1 pto

Só se valorarán méritos que se correspondan coa área de coñecemento da praza a concurso. A persoa candidata elixirá o proxecto de maior relevancia que será avaliado con 0,2 puntos/ano.

3. EXPERIENCIA LABORAL E INVESTIGADORA

Valorarase a experiencia laboral ou investigadora que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza.

✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 100%.

✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora non relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe 0 %.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ó rateo da puntuación.

- a) Actividade laboral que require título universitario: ata 0,5 puntos por ano.
(entenderanse aquí tamén incluídos os contratos de investigación, bolsas FPI/FPU ou equivalentes). A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.
Só se valorarán méritos que se correspondan co perfil/área de coñecemento da praza a concurso.

- b) Actividade laboral que non require título universitario: ata 0,05 puntos por ano. A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.
Só se valorarán méritos que se correspondan co perfil/área de coñecemento da praza a concurso.

- c) Publicacións investigadoras: a persoa candidata elixirá a publicación de maior relevancia que poderá ser valorada con un máximo de ata 1 punto.
Só se valorarán méritos que se correspondan co perfil/área de coñecemento da praza a concurso.

Corrección por número de autores/as neste apartado:

- 1-4 autores/as: sen corrección
- 5-8 autores/: x 0.5.
- 9 ou máis autores/as: x 0.2

Artigos en revistas:

1. Artigos en revistas indexadas en SSCI ou con índice de impacto JIF de JCR: 1 punto.
2. Artigos en revistas indexadas en SCOPUS, con índice de impacto SJR ou con índice de impacto JCI de JCR: 0.8 puntos.
3. Artigos en revistas indexadas en CIRC B, CARHUS B ou con Selo de Calidade FECYT: 0.6 puntos.
4. Artigos en revistas indexadas en CIRC C, CARHUS C ou ESCI: 0.4 puntos.
5. Artigos en revistas indexadas non incluídas nos apartados anteriores: ata 0.2 puntos.

Libros e capítulos de libros:

1. Editoriais con valor ALTO no IE-CSIC ou que formen parte do listado de *Master Book List Publishers* de WOS ou os que aparezan coa marca PRISM Doab: 1 punto/libro; 0.8/capítulo.
2. Editoriais con valor MEDIO no IE-CSIC, *Scholarly Publishing Indicators (SPI)*, DOAB, *directory of open access books* sin marca PRISM e OASPA: 0.8 punto/libro; 0.4 puntos/capítulo.
3. Editoriais con valor baixo no IE-CSIC: 0.4 puntos/libro; 0.2 puntos/capítulo.
4. Outras editoriais: ata 0.2 puntos/libro; ata 0.1 puntos/capítulo.

- d) Proxectos de investigación: a persoa candidata elixirá o proxecto de maior relevancia que poderá ser valorado con un máximo de ata 1 punto.

Só se valorarán méritos que se correspondan co perfil/área de coñecemento da praza a concurso con duración mínima dun ano.

Membros do equipo investigador:

- Proxecto de ámbito internacional: 0.2 puntos/ano.
- Proxecto de ámbito nacional: 0.1 puntos/ano.
- Proxecto de ámbito autonómico/universitario: 0.05 puntos/ano.

No caso de membros de equipos de traballo ou colaboracións as anteriores puntuacións dividiranse por dous. No caso de investigadores/as principais as anteriores puntuacións multiplicaranse por dous.

- e) Outros méritos (bolsas de colaboración, estadías de investigación, actividades de investigación ou transferencia, cursos de investigación recibidos, etc.): ata 1 punto.

Só se valorarán méritos que se correspondan co perfil/área de coñecemento da praza a concurso. A persoa candidata elixirá o mérito de maior relevancia.

- Comunicacións/pósters/pertenza a comités científicos ou de organización en congresos internacionais: 0.1 puntos.
- Comunicacións/pósters/pertenza a comités científicos ou de organización en congresos nacionais: 0.05 puntos
- Bolsas de colaboración: 0.2 puntos.
- Estadías de investigación debidamente acreditadas: en centros estranxeiros 0.05 puntos/mes; en centros nacionais 0.02 puntos/mes. Ata un máximo de 0.3 puntos.
- Bolsas de investigación con acreditación oficial (FPI, predoutorais e homologadas): 0.25 puntos/ano ata un máximo de 1 punto.
- Outros méritos de experiencia laboral ou investigadora: ata 0.2 puntos segundo relevancia.

OBSERVACIÓNS ADICIONAIS

Pontevedra, 13 de xuño de 2025

Presidente /a
Asdo:

Secretario / a
Asdo:

Vogal
Asdo:

De ser o caso,
Rep. Trab. (con voz e sen voto)
Asdo: